



Concello de **OURENSE**

DECRETO DA ALCALDÍA. Ourense, 23 de maio de 2017

Visto o informe-proposta elaborado polo Órgano de Xestión Económica e Orzamentaria en funcións, de data 10 de maio, refrendado pola Sra. Concelleira Delegada de Facenda, en relación coa solicitude de aprobar unha transferencia de crédito feita pola Concellería de Turismo e Termalismo, mediante providencia de data 09 de maio, en uso das atribucións que me confire o artigo 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, artigo 181 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e demais disposicións que a desenrolan, así como de acordo co artigo 14 das Bases de execución do Orzamento Municipal vixente, a data da presente, **ACORDO** :

1.- Aprobar a modificación orzamentaria 4-T/2017, utilizando a figura das transferencias de crédito entre aplicacións da mesma área de gasto, nos seguintes termos:

Área de gasto 4

A) APLICACIÓN QUE RECIBE CRÉDITO

Aplicación	Descrición	Importe
N110.4320.48975	Transferencias á Asoc. Europea de cidades termais	500,00 €
Total Transf. Positivas:		500,00 €

B) APLICACIÓN QUE TRANSFIRE CRÉDITO

Aplicación	Descrición	Importe
N210.4320.22621	Gastos diversos oficina de turismo	500,00 €
Total Transf. Negativas:		500,00 €

2.- Dar traslado do presente acordo á Tesourería Municipal aos efectos contables oportunos.

Mándao e asíno o Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, do que eu, Oficial Maior, dou fe.